



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/. Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

RESOLUCIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2018 DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES PARA A OBTENCIÓN DA MODALIDADE DE MARISQUEO CON VARA NO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DENDE EMBARCACIÓN NA CONFRARIA DO VILANOVA DE AROUSA

ANTECEDENTES

1 Por *Resolución de 23 de abril de 2018 da Xefatura Territorial de Vigo*, convócase unha praza para a modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación de embarcación na Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa e ábrese o prazo de presentación de solicitudes.

2 Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron 4 solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 As embarcacións para as que se pide a modalidade de marisqueo con vara deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Ter permiso de explotación en vigor, de acordo coa *Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*.

- Dispoñer de medios mecánicos de propulsión e ter menos de 3TRB ou 2,6 GT, de acordo co disposto no *Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia*.

2 Todas as solicitudes presentadas valoráranse de acordo co disposto no Baremo para acceder a modalidade de marisqueo con vara, aprobado pola *Resolución do 22 de outubro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* (DOG núm. 209, do 31 de outubro).





galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/. Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

3 De acordo co disposto no citado baremo, terán preferencia á incorporación ao plan de xestión as embarcacións que posúan a modalidade de libre marisqueo no permiso de explotación, sempre e cando a persoa solicitante teña a condición de armador/a da embarcación cun mínimo de 2 anos á data da convocatoria do proceso selectivo.

As prazas cubriranse en función da maior antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de explotación. Tamén se terán en conta as persoas asociadas á entidade cuxa embarcación teña un porto base fóra do ámbito territorial da confraría, segundo o establecido na disposición transitoria da *Orde do 28 de xuño de 2004 pola que se regula a autorización de establecemento e cambio de porto base de buques*.

3 A Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo o *Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación provisional coas solicitudes admitidas neste proceso (contida no anexo I).

Contra o disposto nesta resolución se poderá reclamar no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ante a Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo.

Transcorrido o prazo de reclamacións, por resolución da xefa territorial se aprobará a relación definitiva de embarcacións admitidas e a puntuación de cada unha delas na que se incorporarán as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, que se fará pública nos mesmos lugares que a presente resolución.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa territorial

Carmen de Benito Caula
(Por delegación de firma R.17/10/2017)
Xefa do Servizo de Recursos Mariños

